

Os Lobariñas Feixoo

LUZ E MEMORIA NOS SÉCULOS ESCUROS

Gregorio Lobariñas Feixoo (s. XVI-XVII)

Antonio Jacinto Lobariñas Feixoo (s. XVIII)

PERFECTO RAMOS RODRÍGUEZ



LIMIAR

Cando nos poñemos como tarefa sacar á luz anacos da nosa historia que aconteceron hai algúns centos de anos, somos conscientes de que temos por diante un longo e minucioso traballo cheo de dificultades, mais a forza que nos empuxa é grande. Somos sabedores de que se conseguíssemos achegar algo máis de coñecemento á nosa cultura e historia, o pracer superará grandemente todos os atrancos que no camiño atopemos.

Con este traballo de investigación imos tentar proxectar algo máis de luz sobre os Séculos Escuros. Todo o que poidamos afondar no coñecemento de Gregorio Lobariñas Feixoo —nado na segunda metade do século XVI— e de Antonio Jacinto Lobariñas Feixoo (da súa mesma liñaxe) —nado na primeira metade do século XVIII— será coma unha raioliña de luz que nos clarexe un pouquiño máis este período, un tanto borroso, da nosa historia. Tempos aqueles difíciles para a nosa cultura e lingua escritas, pero que ao descubrir personaxes coma os que nos ocupan neste traballo veremos que, sendo escuros, non o foron tanto, porque alguén, sorteando todas as dificultades, aínda se interesaba por facer na nosa lingua obras que podían ocupalos durante moitos anos.

Para esta investigación foi precisa a consulta de moitas publicacións, históricas e actuais, así como miles de páxinas de documentos manuscritos de diferentes arquivos, na procura de datos destes dous persoeiros naturais do actual concello de Crecente. As súas vidas, circunstancias familiares, relacións sociais, estudos e ocupación profesional coidamos que quedan ben documentadas. Das súas obras coñeceremos títulos, contidos e, no caso de Gregorio Lobariñas, os camiños que seguiron para a súa publicación, tanto durante a súa vida coma despois de morto, e os intereses que sobre elas se moveron ata levalas ao lugar onde hoxe estean agochadas.

Como ben se pode supoñer, o que aquí se expón, sendo importante, non é todo o que puido rodear tanto os personaxes coma as súas obras. Trátase dun traballo aberto a futuros investigadores que aínda nos pode dar gratas sorpresas para ben da nosa cultura.

Observará o lector que os dous persoeiros comparten os mesmos apelidos, aínda que entre eles se interpoña un longo período de tempo de século e medio: Lobariñas Feixoo. Apelidos tomados por Gregorio e o seu irmán Álvaro dos seus máis ilustres devanceiros e que, a partir deles, foron reproducidos polos seus descendentes ao longo de centos de anos como apelidos únicos e conxuntos. Tanto Gregorio coma Antonio Jacinto, ademais de compartir estes apelidos, partillaron tamén calidades para a investigación, a escritura e o cultivo das relacións sociais. Se Gregorio se relacionou con destacados autores casteláns e portugueses do seu tempo, Antonio Jacinto fíxoo cun persoeiro tan importante na nosa cultura como o padre Sarmiento.

A Gregorio Lobariñas, antes de escribir no noso idioma a obra máis importante da que hai constancia en moitos séculos, espertáranse as afeccións literarias —poesía e novela pastoril— no seu tempo de estudante en Salamanca, aínda non rematado o século XVI. Antonio Jacinto Lobariñas aprendeu os segredos das plantas nos anos da nenez brincando polos camiños e montes da parroquia de Filgueira, ben andado o século XVIII.

Gregorio, xa ordenado sacerdote e de volta a Crecente, seguiu o camiño da investigación histórica de Galiza, da súa lingua e da vida de santos galegos dun e do outro lado do Miño, tema polo que foi copiado e citado entre todos os escritores desta temática no seu tempo e séculos posteriores. Ademais dos seus traballos de investigación e literarios, dedicouse a dirixir, moitas veces con man dura, a ración do Arrabal da colexiata de Crecente e a usar as súas influencias para se situar dentro da elite do poderoso e privilexiado grupo de comisarios da Inquisición. O seu autoritarismo púxose de manifesto entre os fregueses e curas que con el formaban a colexiata, actitude que o levou a un longo proceso coa xustiza eclesiástica de Tui e Santiago, así como coa Inquisición, preito que superou con grandes custos económicos e persoais. Circunstancias estas que nos levan a coñecer algo máis do que foi a Inquisición en Galiza. Nesta obra sacamos á luz importantes documentos, entre os que destacan relacións inéditas de condenados por herexes e xudai-zantes en Baiona e Pontevedra.

Antonio Jacinto estudou Medicina, e aplicou á súa profesión os coñecementos das propiedades das plantas que ao longo dos anos fora

adquirindo. Empezou exercendo en Ribadavia e rematou en terras leonesas. Esta querenza pola bondade das plantas foi o que o relacionou co padre Sarmiento, quen moito o gabou nalgunhas das súas cartas. Traslado a León para exercer a súa profesión, Antonio Jacinto tivo descendencia que levou o apelido Lobariñas a altos cargos da vida xudicial, política e relixiosa da España decimonónica.

Nin Gregorio nin o seu irmán Álvaro, ambos abades, tiveron fillos, e malia iso os apelidos Lobariñas Feixoo, dado o prestixio destes, pasou ás seguintes xeracións a través dos seus sobriños e sobriños netos, creando unha liñaxe que deu bo número de curas, frades, avogados, médicos, cargos públicos, etc., así como moitas outras persoas que seguen portando o apelido Lobariñas e que hoxe temos como veciños.

Da man de Gregorio Lobariñas coñeceremos a primeira noticia da existencia do códice da *Historia de D. Servando*, obra que el gardaba na súa biblioteca. Manuscrito que anos despois —por medio dunha copia— se había converter na obra escrita en galego máis coñecida en todos os reinos peninsulares, e a primeira na historia da nosa lingua que foi traducida a idioma estranxeiro, feito este que converteu o seu tradutor no primeiro en verter unha obra galega a unha lingua diferente.

As calidades excepcionais do propio códice, e todo o con el acontecido ao longo dos últimos séculos, leváronnos a facer un estudo, polo miúdo, sobre a súa orixe, historia e circunstancias da súa popularidade, que clarexa, documental e pericialmente, a falsidade do relato que sobre esta obra se foi configurando desde o século XVII e que se segue mantendo na historiografía actual. Mais todo isto que aquí enunciámos, pola súa amplitude e complexidade, é tema que presentaremos noutro traballo independente.

Para a nosa cultura, a figura de Gregorio Lobariñas Feixoo non se poderá considerar só como a dun escritor ou investigador da época, senón que ten o mérito de ser case o único autor coñecido que escribiu algunha das súas obras en galego nos séculos XVI e XVII. As súas investigacións non pasaron pola imprenta, pero iso non impediu que algunha delas fose amplamente coñecida e citada por moitos outros autores.

Coñeceremos ademais como corría o mundo séculos atrás polas terras de Crecente, avatares históricos dos reinos de Galiza, Portugal e Castela;

o xeito de actuar dos tribunais eclesiásticos e da Inquisición e, sobre todo, a historia dos Lobariñas orixinairos do lugar de tal nome. Apelido presente na vida pública da antiga xurisdición de Fornelos, hoxe concello de Crecente, desde a Idade Media e que nos últimos seiscientos anos, desde este pequeno lugar de Galiza, se espallou por todo o mundo.

Non queremos rematar este limiar sen mostrar o gran recoñecemento que nos merecen todas aquelas persoas que, en tempos afastados, foron deixando testemuño do mundo no que nós habiamos nacer e herdar. O mesmo agradecemento que lles mostramos ás institucións gardiás da memoria que aparecen citadas na presente investigación, e sen as cales nin este nin outros traballos serían posibles. Sen elas, o pasado permanecería en total escuridade. Estendemos o agradecemento a todas aquelas persoas que dun ou doutro xeito colaboraron para que este estudo saia agora á luz.

PERFECTO RAMOS RODRÍGUEZ
Sendelle, 2023

LISTAXE DE ABREVIATURAS UTILIZADAS

AHCDT: Arquivo Histórico Catedralicio e Diocesano de Tui

AHDou: Arquivo Histórico Diocesano de Ourense

AHN: Archivo Histórico Nacional

AHNOB: Archivo Histórico de la Nobleza

AHPOU: Arquivo Histórico Provincial de Ourense

BNE: Biblioteca Nacional de España

BNP: Biblioteca Nacional de Portugal

CLEPUL: Centro de Literaturas e Culturas Lusófonas

e Europeias da Faculdade de Letras da Universidade de Lisboa

CRITERIOS SEGUIDOS

NA TRANSCRICIÓN DE DOCUMENTOS

O presente estudo está baseado fundamentalmente en documentos manuscritos dos séculos XVI e XVII —na súa maioría inéditos—, así como en publicacións impresas destes e seguintes séculos, fontes unhas e outras escritas en galego, castelán ou portugués.

Os manuscritos deste tempo caracterízanse pola inexistencia de regras ortográficas, polo que o que máis destaca é a ausencia de signos de acentuación, puntuación, unión de palabras, non separación entre frases e parágrafos, uso indiferente de «b» e «v», «i» e «y», «n» ou «m» antes de «p» ou «b», proliferación de abreviaturas, uso de minúsculas en xeral para nomes, apelidos e topónimos, etc.

Por ser este traballo de carácter histórico-divulgativo e non lingüístico, procuramos, aínda sendo fieis aos textos orixinais, introducir algunha variante á hora da súa transcripción para facelos máis intelixibles para o lector.

É así que os cambios máis destacados introducidos limítanse á aplicación de maiúsculas en nomes apelidos e topónimos, introdución dalgun signo de puntuación e acentuación, e aclaración das abreviaturas que puidesen ser máis incomprendibles para o lector non habituado a este tipo de lectura.

pozo non uerela q' by por meu mal
 Mayo fremosa de quanco nica dy
 donas domiu de. senon esta affe
 nuncame deus de ben dela non dal

semelha myre poredy labor
 dea fuit po q' he meu mal
 Sembla er eno fuitz Al
 por adonzela q' for myha senhor

Esta se gran copia dixer qual
 ca esta copia no me da les
 ante myha faz cada dia e cor
 e chamo muyto ds
 e no my ual
 nen me ual ela po q' ra perdy
 ofsen pozo fore la enffandeg
 a esta copia que byu nica tal

O bteroug eu ora rogar
 107 por dez quing feg myha senhor
 non caedes o desamor
 que myhaudes nen eo posar
 que us eu fac emug quate
 ben edendelo sofret
 por dy epoz me non matax

106 **H**ua donzela que eu muy grayte
 ayeno Amigo d'ff ds me pdom
 era ra este meu coraço
 anda p'udo o fora desem
 por hua dona seme ualha ds
 que de pozo uro e steo olho me
 que myha semelha muy mayo doue ue

Qua nica na eu rogaro
 p' out rom mentu un
 leno que capu en p'or
 p' ds senhor esto q' ser
 que agora e posar
 cany p'fa dez amax
 ca eu no possendal fazer

Por q' a donzela nica bovy
 meus amigz en quato eu ia vnd
 por esto q'eu muy gra ben fer
 a esta dona q' a my faley
 q' me semelha a dozela q' by
 e Adona fuitz deo apuz
 pola donzela q' eu muyto amoz

Qua seu onosso poder
 de q' dona q' seffamar
 a tal senhor fora fillur
 on cuidasse be un
 mayo deus nuno cuides
 un senhor mayo aueloz
 mitreu ueer a doferar

Por que da dona fo eu sabedo
 meyo amigz affe meu p'ud
 q' adonzela en seu parre

El sabedo de q' eu my
 myha senhor sen fu deffoz
 onosso be eu nequer
 men cor deste uolo encoluz

Cantiga «Quero-vos eu ora rogar», de João Soares Somesso. CANCIONEIRO DA BIBLIOTECA NACIONAL.